

REGULAMENTO SOBRE O RÉXIME ECONÓMICO DOS CARGOS ELECTOS, ORGÁNICOS, PERSOAL E GRUPOS PARLAMENTARIOS DE EN MAREA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Marea naceu coa intención expresa de facer as cousas de outro xeito, acabar cos privilexios políticos e dar o protagonismo á cidadanía. Por esta razón, é vital que os cargos electos e orgánicos ratifiquen o seu compromiso de renunciar a privilexios que puideran derivarse do exercicio de postos de responsabilidade. Igualmente, deben ratificar o compromiso de empregar con austeridade e eficiencia os recursos de orixe público á súa disposición, así como a poñer os recursos que excedesen o necesario para realizar a súa actividade a disposición do proxecto político transformador que representa EN MAREA co obxectivo de impulsar o desenvolvemento do proxecto no seu conxunto.

En base ao anterior, é lóxico e necesario que aquelas persoas que accedan a cargos electos e orgánicos deban respetar as normas que se recollen no presente Regulamento debidamente aprobado.

CAPÍTULO I. ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 1: Ámbito de aplicación

O presente Regulamento rexirá a organización financeira de En Marea e será de aplicación a todas aquelas persoas que asuman cargos electos, institucionais e orgánicos, así como ao persoal de EN MAREA.

Artigo 2: Ámbito obxectivo

Mediante o presente documento régulanse as condicións económicas nas que as persoas ás que se refire o Artigo 1 desempeñan as súas funcións.

CAPÍTULO II. DAS FONTES DE FINANCIAMENTO

Artigo 3: Das fontes de financiamento.

Os recursos de En Marea serán as subvencións públicas a través da Lei de financiamento das formacións políticas e das fundacións e entidades vinculadas ou dependentes de elas, as achegas de cargos públicos e do Grupo Parlamentario Galego de En Marea que se establezan nesta carta financeira, cotizacións e outras que podan darse dentro de la legalidade vixente,

así como donativos, axudas e campañas extraordinaria. En concreto:

- Achegas voluntarias das persoas inscritas
- Achegas das persoas representantes nas distintas institucións e organismos vinculados ás mesmas
- Achegas do Grupo Parlamentar Galego
- Achegas do Grupo Parlamentar Estatal
- Achegas do Grupo Parlamentar Europeo
- Crowdfunding
- Prestamos privados
- Microcréditos
- Outras achegas (outros institucionais, colectivos, etc).

CAPÍTULO III. DAS RETRIBUCIÓN E INDEMNIZACIÓNS

Artigo 4: Remuneracións dos cargos electos institucionais.

- a. A retribución neta mensual coa que contarán os cargos electos de En Marea será, como máximo, 3 veces o salario que En Marea entende como un SMI xusto e digno para todo/a traballador/a” (1.000 € revisables anualmente), e 14 pagas ao ano (delas, 2 extraordinarias prorrateadas). En ningún caso a asunción de cargos ou tarefas públicas vinculadas ou non á representación pública poderá incrementarse deste límite.
- b. Os custos indemnizables recollidos no presente regulamento non se inclúen en ningún caso en ditas contías.
- c. A parte restante do salario percibido polos cargos electos será obxecto de doazón nos términos establecidos no presente Regulamento.
- d. A renuncia dun cargo á parte da adicación que lle corresponda por exercer dito cargo deberá ser comunicada previamente ao Consello das Mareas e será ratificada polo plenario. De aprobarse dita renuncia do/da deputado/a, o máximo salarial sinalada no pto a reducirase de xeito proporcional á remuneración a percibir polo cargo sen ser nunca inferior a 1,5 SMI.
- e. Tódolos salarios serán publicados no portal de transparencia da páxina web de En Marea.

Artigo 5. Da (non) retribución dos cargos orgánicos.

A condición de membro dos órganos de En Marea non dará dereito a ningunha retribución.

Artigo 6. Da remuneración do persoal técnico de En Marea.

- a. O persoal técnico de En Marea será contratado preferentemente con carácter indefinido de acordo ao convenio correspondente para cada categoría. Naqueles casos en que determinados servizos necesarios sexan prestados maioritariamente por profesionais independentes, por razóns de eficacia poderá considerarse a contratación por obra e servizo.
- b. Unha vez acordadas as necesidades de contratación de persoal, e definidos os perfís das mesmas, constituirase unha comisión de selección formada por membros do Consello, ao que se lles sumará un/unha representante do Grupo Parlamentario Galego cando se trate de contratacións do grupo. Esta comisión elaborará os criterios de selección, que deberán obter o visto do Consello da Marea, e, posteriormente levarán a cabo o proceso de selección.

Artigo 7. Indemnizacións

7.1 Terán dereito indemnización ou compensacións de custos por razón da súa actividade política ou orgánica xustificada os cargos electos institucionais de En Marea, os cargos electos orgánicos (persoas integrantes do Consello das Mareas, Coordinadora, Comisión de Garantías e Comité Electoral), así como o persoal técnico de En Marea.

7.2. Dos cargos institucionais

- a. As dietas destinaranse a cubrir gastos finalistas inherentes ao cargo de representación que desempeñen. Consideraranse como tales os gastos de manutención, estancia ou desprazamento, excluídos aqueles que sexan directamente sufragados polas institucións convocantes.
- b. Os gastos de manutención, aloxamento ou desprazamento incurridos exclusivamente en actos do partido estarán excluídos desta consideración e non podrán polo tanto ser financiados por fondos públicos.
- c. Estas dietas serán reportadas no portal de transparencia da web de En Marea.
- d. A efectos de xustificación das dietas estarase ao disposto no anexo I do presente Regulamento.

7.3. Dos cargos orgánicos.

A condición de membro dos órganos de En Marea non conlevará ningún tipo de remuneración,

pero poderán dar dereito a compensación ou indemnización por manutención, estancia ou desprazamento os custos xerados polas seguintes actividades:

- a. Participación nas sesións de traballos destes órganos.
- b. Participación en actividades de representación de En Marea.
- c. Actividades que se realicen como consecuencia das responsabilidades e tarefas asumidas no ámbito destes órganos.

7.4. Do persoal de En Marea.

O persoal de En Marea terá dereito a percibir compensación ou indemnización por manutención, estancia ou desprazamento de forma análoga aos cargos de En marea cando por razón do servizo deban desprazarse fora do seu ámbito de traballo.

CAPÍTULO IV. DAS DOAZÓNS

Artigo 8: Doazóns de cargos electos:

- a. A parte da remuneración que supere as retribucións máximas establecidas no artigo 3, descontadas as indemnizacións ou compensacións de custo que correspondan en cada caso deberá ser obxecto de doazón a En Marea.
- b. Con carácter excepcional e so para a lexislatura en curso aquelas deputadas que así o soliciten poderán distribuir do modo que consideren éticamente máis xusto o 50% da achega, establecéndose un mínimo do 50% que será donado a En Marea.
- c. A achega a En Marea realizarase directamente na conta de doazóns de En Marea e declararase mediante o correspondente Modelo 182 de Facenda.

Artigo 9. Subvencións e asignacións a grupos parlamentarios.

- a. As subvencións provintes do parlamento autonómico a prol do grupo parlamentario para o funcionamento ingresaránse nunha conta propia do grupo parlamentario que xestionará o/a responsable de finanzas de En Marea.
- b. As subvencións recibidas directamente polo grupo parlamentario destinaranse a asegurar a viabilidade do grupo parlamentario. Garantizaráse que, se as partidas finalistas non o cubren, as subvencións atendan as necesidades do grupo parlamentario có mantemento dun equipo de apoio. Estas subvencións garantirán o sostenemento dunha estrutura mínima do grupo parlamentario que inclúa, na medida do posible, asesoría xurídica, económica, prensa, organización, loxística e administración.

- c. O emprego de ditos fondos deberá ser aprobado polo Consello das Mareas e ratificado no Plenario.

Artigo 10: Doazóns das persoas inscritas:

As persoas inscritas poderán facer achegas económicas de xeito voluntario ao partido En Marea, de acordo co establecido na Lei de Financiamento dos partidos políticos

CAPÍTULO V. DO FUNCIONAMENTO NO CARGO

Artigo 11. Subvencións ou asignacións para asistentes, persoal de apoio e cargos de libre designación.

- a. Na contratación persoal primarase dotación de recursos comúns ou compartidos polo conxunto de cada grupo institucional, fronte aos recursos particularizados.
- b. Naqueles casos nos que existan partidas finalistas para a contratación de persoal de apoio con cargo a cartos públicos, o Consello das Mareas, escoitado o grupo parlamentar procederá a súa contratación atendendo a criterios de transparencia, publicidade, mérito e confianza.
- c. Con carácter excepcional e cando as esixencias do cargo así o aconsellen, o Consello das Mareas, escoitado o grupo parlamentar poderá proceder a contratación de persoal de asignación específica atendendo a criterios de transparencia, publicidade, mérito e confianza.
- d. Contemplanse gastos de viaxes de asistentes e persoal contratado acompañando a cargos electos con cargo a fondos públicos só cando esté xustificado e sexa necesario para o bó desenrrolo da misión parlamentaria.

Artigo 12. Agasallos.

- a. Ningún cargo electo poderá recibir algún tipo de obsequios ou agasallos, nin poderá aceptar que un terceiro sufrague servizos ou béns para o seu disfrute, que superen os 50€ por agasallo/servizo e ano.
- b. En casos excepcionais, por obrigacións protocolarias, podriase superar ese límite sempre que se manteña un rexistro público dos agasallos aceptados. En situacións protocolarias, se estes agasallos recíbense como representante máximo dunha institución pública, estes rexistraránse como propiedade de dita institución.

Artigo 13. Pensións.

- a. Os cargos electos de En Marea estarán afiliados ao réxime xeral da Seguridade Social e renunciarán explicitamente a calquer complemento das pensións superior ao réxime persoal.
- b. En ningún caso estará permitido suscribir plans de pensións privados financiados con fondos públicos.

Artigo 14. Incumprimento.

- a. Calquera incumprimento do presente Regulamento porase en coñecemento da Comisión de Ética e Garantías de En Marea supoñendo a apertura de expediente e as consecuentes medidas sancionadoras as que houbera lugar.
- b. Calquera regulación adicional nas materias económicas que afectan aos grupos parlamentarios e cargos electos deberá contar coa aprobación do Consello das Mareas.

CAPÍTULO VI. TRANSPARENCIA.

Artigo 15. Transparencia

Na web de EN MAREA publicaranse a carta financeira, o orzamento do partido e dos grupos institucionais supramunicipais e as súas liquidacións, as retribucións e doazóns das persoas que perciben retribucións por ser representantes institucionais de EN MAREA ou persoas traballadoras dos grupos institucionais e do partido.

ANEXO I

XUSTIFICACIÓN DE INDEMNIZACIÓNS

1. ÁMBITO OBXECTIVO

Entenderáanse supostos que dan dereito a indemnización os seguintes:

- a) Os desprazamentos sempre que sexan realizados con ocasión da asistencia ás sesións dos órganos parlamentarios ou internos dos que formen parte os cargos, así como calqueira outra reunión ou actividade que se derive directamente da condición de membro do órgano correspondente.
- b) A manutención os días nos que se desempeñen funcións derivadas da condición de membros do órgano que en cada caso corresponda.
- c) Aloxamento: sempre que se as actividades derivadas dos cargos requiran a pernocta fora do lugar habitual de residencia.

2. CLASES

En ningún caso a aplicación do disposto no presente punto podrá supoñer a percepción de indemnizacións por encima das recoñecidas nos parlamentos ou asembleas correspondientes. As dietas a percibir serán aquelas recollidas na última actualización do BOE 129 do 30/05/2002 para o persoal do grupo 2.

a) Axudas de locomoción:

Con carácter preferente os desprazamentos de cargos e persoal de En Marea realizaránse en transporte público, empregando clase turista, segunda clase ou equivalente sempre que resulte posible.

O tren será o medio de transporte preferente, e só se entenderán xustificadas os billetes de avión cando non exista unha alternativa en ferrocarril ou por estrada sendo a duración da viaxe menor a 5 horas, ou ben cando sexa imprescindible por presións horarias.

Entenderáanse contías xustificadas, as correspondentes aos importes dos billetes de transporte público utilizado.

Nos casos nos que non sexa convinte ou posible o uso de transporte público ou éste sexa inexistente, poderase empregar o automóvil particular sen a indemnización correspondente de 0.19€/km.

Así mesmo serán indemnizables os gasto de autopista, así como gastos de aparcamento, neste último caso ate un máximo de 100€/mes. Este tipo de gastos deberán ser acreditados mediante o ticket correspondente, ademáis da acta, documento acreditativos equivalente, xustificante de asistencia, etc.

b) Axudas por aloxamento:

Cando o desempeño das funcións directamente derivadas da actividade orgánica ou parlamentaria requiran de pernoctar fora do lugar de residencia habitual do cargo ou traballador/a, xerárase dereito a percibir compensación de custos por estancia ate o máximo recollido no BOE anteriormente citado. Con carácter xeral, entenderase xustificada a necesidade de aloxamento por cuestións horarias (actividades que rematen despois da 22.00h) e de distancia (máis de 50km de distancia ao lugar habitual de residencia).

En caso de traslado de lugar de residencia a consecuencia da actividade parlamentaria e sempre que non existan axudas coa mesma finalidade no parlamento correspondente, os máximos indemnizables serán os seguintes:

Cidades de menos de 500.000 habitantes: 600 €/mes

Cidades de entre 500.000-1.000.000: 750 €/mes

Cidades de máis de 1.000.000 de habitantes: 850 €/mes

Este suposto acreditarase mediante o contrato de aluguer suscrito polo dereitohabiente, así como a declaración xurada de non contar con vivenda nesa localidade.

En ningún caso se indemnizarán actividades que tiveran sido sufragadas con cargo a orzamentos públicos.

c) Axudas por manutención:

Só se xerará dereito a dietas por manutención os días nos que houbera sesión do órgano correspondente ou calquera outro acto no que se acuda por mandato destes órganos e se acredite a súa asistencia. No caso dos órganos institucionais non existirá dereito a dietas cando estan sexan directamente abonadas polo órgano correspondente.

Con carácter xeral enténdese que existe dereito a media manutención en actividades que rematen con posterioridade as 13.00h a manutención completa cando duren todo o día e rematen con posterioridade as 21.00h.

Tanto a media manutención como a manutención completa deberá acreditarse con facturas ou recibos de comida, ademais de através dos xustificantes de asistencia.

ANEXO II

Formulario para a solicitude de indemnizacións por desprazamento, aloxamento e manutención.

D/Dna.

con DNI_____ solicita a correspondente compensación por gastos de desprazamento/estancia/manutención de acordo ao recollido na carta financeira de En Marea.

Motivo:_____

Itinerario:

Saida	Data:	Hora:
Chegada:	Data:	Hora:

Nº de Conta (IBAN): _____

	Número	Importe	Total
MANUTENCIÓN			
Desprazamentos en España			
Dietas completas		37,4	
Medias dietas		18,7	
ALOXAMENTO (Adxuntar factura orixinal)			
En España (65,97 max.)			
No extranxeiro (Consultar)			
OUTROS (Adxuntar xustificantes)			
Matrículas, Inscripcións:			
Especificar:			
LOCOMOCIÓN (Adxuntar billetes ou tickets)			
Transporte público:			
Vehículo propio con matrícula:		0,19	
Tickets autopista			
Aparcamiento			
TOTAL			

Declaro que son certos todos os datos consignados neste impreso e para que conste asino en: _____ a ____ de _____ de 201__	Persoa que valida:
Asdo:	Asdo: